

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0737	Prótese e ortodoncia	2023/2024	7	157	157

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO-IGNACIO MORALES CAMACHO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de aplicación de técnicas de axuda odontolóxica en prótese e ortodoncia dentro do equipo de saúde bucodental.

A definición desta función abrangue aspectos como:

Formalización da documentación clínica da persoa usuaria.

Selección e preparación de materiais e equipamentos en función da intervención.

Realización de técnicas de axuda odontolóxica na obtención de próteses fixas e removibles.

Participación dentro do equipo de saúde bucodental na realización de técnicas de ortodoncia fixa e removible.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.

Gabinetes de hixiene bucodental.

Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais j), k), m), n), o), p), q), r), s), t) e u)

- j) Identificar as características do/da paciente e aplicar técnicas de apoio aos tratamentos bucodentais, para realizar apoio psicolóxico á persoa usuaria.
- k) Prever actuacións e seleccionar procedementos alternativos ao desenvolvemento dunha actividade profesional, para resolver imprevistos
- m) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe que se relacionan coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- n) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación
- o) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou contingencias.
- p) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- q) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.
- r) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais
- s) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade, e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- t) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- u) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática. do ciclo formativo e as competencias f), k), j), l), m), n), o), p), q), r) e t).
- j) Apoiar psicolóxicamente pacientes e persoas usuarias, para facilitar a realización dos tratamentos bucodentais.
- k) Aplicar técnicas de apoio ou soporte en tratamentos odontolóxicos dentro do equipo de saúde bucodental, para facilitar a prestación de servizos.
- l) Prestar soporte vital básico en situacións de emerxencias, segundo o protocolo establecido.
- m) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da

comunicación.

- n) Organizar e coordinar equipos de traballo no ámbito das súas competencias, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas e asumindo o seu liderado.
- o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo, e comunicar esas incidencias, cando cumpra, ao/á odontólogo/a e aos demais membros do equipo.
- p) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- q) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, conforme ao establecido pola normativa e polos obxectivos da empresa.
- r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.
- t) Comprender e incorporar á súa actividade profesional os principios éticos e legais aplicables á atención á saúde e ao uso eficiente dos recursos dispoñibles.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Historia e exploración clínica	Coñece a importancia da H.C , diferenza as características anatomofisiolóxicas dun paciente total ou parcial edéntulo	25	15
2	Material e equipos para a toma de impresións	Identifica o material para a toma de impresións, e comprende as técnicas dixitais de impresión	33	20
3	Elaboración de modelos e rexistros de oclusión	Coñece os materiais para os rexistros de oclusión, diferenza os distintos tipos de escaiola e ceras	21	15
4	Adaptación e conservación de próteses	Identifica os distintos tipos de próteses , fixas, removibles e parcialmente removibles	24	15
5	Axuda no tratamento de ortodoncia	Identifica os distintos tipos de mal oclusións, así como aprender a diferenciar entre ortodoncia fixa e removible	24	15
6	Adaptación e conservación da aparatoloxía en ortodoncia	Coñece os materiais necesarios para a colocación e retirada de aparellos en ortodoncia	30	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Historia e exploración clínica	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Cobre a ficha clínica identificando os rexistros diagnósticos en prótese e ortodoncia	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os tipos de próteses removibles completas, parciais e fixas
CA1.2 Clasifícase a documentación relativa ao/á paciente do tratamento en curso
CA1.3 Interpretáronse documentos de rexistro da patoloxía oral de cara a realizar o diagnóstico e restauración indicados
CA1.4 Descríbense as características anatómicas, funcionais e sociais do/da paciente edéntulo/a ou parcialmente edéntulo/a
CA1.5 Relaciónáronse as alteracións do/da paciente con patoloxía esquelética e dentaria
CA1.6 Defínense as funcións e as características dos medios diagnósticos fotográficos, radiográficos e informáticos
CA1.6.1 Analízanse as funcións e as características dos medios diagnósticos fotográficos, radiográficos e informáticos
CA1.6.2 Aplícanse os medios diagnósticos fotográficos e informáticos para a exploración complementaria dun paciente
CA1.7 Asociouse o protocolo de actuación a cada técnica
CA1.8 Rexistráronse os datos máis significativos da ficha clínica protésica
CA1.9 Rexistrouse o seguimento do tratamento finalizado

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de restauracións protésicas: removibles e fixas.
Paciente edéntulo/a e parcialmente edéntulo/a: características anatomofisiolóxicas.
Odontogramas.
Probas complementarias para o diagnóstico. Radiografías.
Fotografía clínica en odontoloxía (CA 1.6)
Obtención e manexo de fotografías de distintos tipos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Material e equipos para a toma de impresión	33

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara equipamentos e materiais para tomas de impresión e comproba os resultados obtidos, tendo en conta a relación entre a técnica e o tipo de prótese	SI
RA3 - Planifica a elaboración do modelo e os rexistros de oclusión, tendo en conta a relación das técnicas de traballo co tipo de modelo e co rexistro demandado	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as características dos materiais e do instrumental para a toma de impresión
CA2.2 Relacionáronse os tipos de materiais e o instrumental coas características da toma de impresión
CA2.3 Establecéronse os protocolos para a toma de impresión
CA2.4 Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene dirixidas ao/á paciente e ao/á profesional
CA2.5 Identifícanse os erros máis frecuentes na toma de impresión
CA2.6 Comprobase que a impresión obtida satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade
CA2.7 Aplicáronse os protocolos de desinfección, envasamento e etiquetaxe do produto para proceder á súa embalaxe e á súa entrega
CA2.8 Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados
CA3.1 Enumeráronse as características dos materiais e do instrumental empregados para a confección e o estudo do molde

4.2.e) Contidos

Contidos
Impresións preliminares e definitivas.
Preparación de equipamentos e instrumental segundo o tipo de prótese e de ortodoncia.
Erros máis frecuentes.
Desinfección, envasamento e etiquetaxe do produto para proceder á súa embalaxe e á súa entrega.
Tratamento de residuos.
Materiais e instrumental de confección de modelos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de modelos e rexistros de oclusión	21

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Planifica a elaboración do modelo e os rexistros de oclusión, tendo en conta a relación das técnicas de traballo co tipo de modelo e co rexistro demandado	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Enumeráronse as características dos materiais empregados para a obtención de rexistros de oclusión
CA3.3 Selecciónáronse os tipos de materiais e de instrumental para a elaboración do molde e o rexistro de mordida
CA3.4 Establecéronse os protocolos de actuación en cada técnica
CA3.4.1 Coñecéronse os protocolos de actuación en cada técnica
CA3.4.2 Empregáronse os protocolos de actuación en cada técnica
CA3.5 Comprobase que as reproducións obtidas satisfagan os criterios de calidade
CA3.6 Tipificáronse as condicións de envío ao laboratorio dos rexistros obtidos, para a súa finalización protésica segundo prescricións do facultativo
CA3.7 Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados
CA3.8 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA3.9 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de materiais en rexistros de oclusión.
Instrumental para rexistro de mordida.
Articuladores
Arco facial
Tratamento de residuos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Adaptación e conservación de próteses	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a adaptación e determina a conservación da prótese, tendo en conta a relación entre o resultado final e as necesidades da persoa usuaria	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbóronse as características técnicas das próteses removibles completas, parciais e fixas
CA4.2 Determináronse as características da adaptación protésica
CA4.2.1 Coñecéronse as características da adaptación protésica
CA4.2.2 Comprobáronse os requisitos na toma de impresións especial para a adaptación da prótese
CA4.3 Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para o deseño de próteses dentais
CA4.3.1 Coñecéronse os equipamentos e aplicacións informáticas para o deseño de próteses dentais
CA4.3.2 Realizouse a toma de impresións especial para o deseño de próteses dentais
CA4.4 Seleccionáronse as probas de verificación en función do tipo de próteses
CA4.5 Comprobouse a retención e estabilidade da prótese
CA4.6 Identificouse a información necesaria para o bo uso e a hixiene correcta da prótese
CA4.7 Elaborouse un plan de acomodación á prótese dental
CA4.8 Estableceuse un protocolo na atención de urxencias protésicas

4.4.e) Contidos

Contidos
Adaptación e conservación de próteses PR completas, PPR, mixtas e fixas.
Aplicacións informáticas para o deseño de próteses.
Tecnoloxía CAD-CAM
Mantemento e hixiene dos aparellos protéticos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Axuda no tratamento de ortodoncia	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Define o procedemento de axuda ao tratamento, tendo en conta a relación entre as características fisiopatolóxicas da persoa usuaria e as características do aparello de ortodoncia que se vaia implantar	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Defínense as características técnicas dos distintos dispositivos ortodónticos ou ortopédicos
CA5.2 Enumeráronse as características anatómicas, fisiopatolóxicas oclusais e sociais que cumpra valorar nun/nunha paciente ou persoa usuaria
CA5.3 Interpretáronse odontogramas e outros rexistros de cara a realizar o tratamento ortodóntico ou ortopédico indicado
CA5.4 Rexistrouse a información obtida do estado de saúde do/da paciente ou da persoa usuaria no soporte correspondente
CA5.5 Relacionáronse coa exploración clínica a documentación fotográfica, as radiografías, as cefalometrías e os modelos
CA5.6 Relacionouse o estado de saúde do/da paciente coas características do aparello que se vaia implantar
CA5.7 Determináronse as actuacións de axuda para o tratamento, a partir de rexistros diagnósticos específicos
CA5.8 Relacionáronse as repercusións do tratamento ortodóntico na vida cotiá

4.5.e) Contidos

Contidos
Indicacións para tratamento ortodóntico.
Diagnóstico. Odontogramas. Probas complementarias.
Dispositivos ortodónticos: tipos e indicacións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Adaptación e conservación da aparatoloxía en ortodoncia	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Adapta o aparello de ortodoncia e define o seu protocolo de conservación, interpretando técnicas de axuste e mantemento	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Seleccionouse o instrumental, o equipamento e os materiais para a colocación e a retirada dos dispositivos ortodónticos
CA6.1.1 Identificouse o instrumental, o equipamento e os materiais para a colocación e a retirada dos dispositivos ortodónticos
CA6.1.2 Empregouse o instrumental, o equipamento e os materiais para a colocación e a retirada dos dispositivos ortodónticos
CA6.2 Utilizáronse aplicacións informáticas para o axuste dos dispositivos terapéuticos
CA6.2.1 Coñecéronse aplicacións informáticas para o axuste dos dispositivos terapéuticos
CA6.2.2 Asociáronse aplicacións informáticas para o análise de determinados dispositivos de ortodoncia
CA6.3 Definíronse os métodos complementarios de rehabilitación oclusal
CA6.4 Realizáronse operacións de mantemento dos aparellos ortodónticos
CA6.5 Determinouse o protocolo de hixiene bucodental domiciliaria en dispositivos fixos e/ou removibles
CA6.6 Definíronse as accións que cumpra realizar no proceso de adaptación segundo a idade e a capacidade dos/das pacientes ou as persoas usuarias
CA6.7 Describíronse estratexias para a realización autónoma da súa actividade
CA6.8 Estableceuse un protocolo na atención de urxencias ortodónticas
CA6.8.1 Coñeceuse o protocolo na atención de urxencias ortodónticas
CA6.8.2 Aplicouse o protocolo na atención de urxencias ortodónticas

4.6.e) Contidos

Contidos
Material, instrumental e equipamentos para colocación e retirada de dispositivos ortodónticos.
Aplicacións informáticas para o axuste de dispositivos.
Complicacións derivadas do tratamento ortodóntico.
Mantemento dos aparellos ortodónticos.
Adestramento da persoa usuaria na hixiene bucodental domiciliaria dos dispositivos ortodónticos.



Contidos

Dispositivos auxiliares nas técnicas de hixiene oral en pacientes que porten ortodoncia.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Serán mínimos exigibles todos os criterios de avaliación (CA) indicados como mínimo exigible para cada Unidade Didáctica nesta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa finalidade de avaliar o alumnado, emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, de acordo coas seguintes indicacións:

-Unha parte teórica que representa o 50% da cualificación global correspóndese coa suma dos CA's asociados co instrumento de avaliación proba escrita (PE) aplicados sobre os exames teóricos. Estas probas poderán constar de:

- a) De resposta curta
- b) Tipo test de resposta única
- c) De relacionar
- d) De sinalar verdadeiro ou falso.
- e) Resolución de casos prácticos ou problemas

Os exames ensinaranse ao alumnado corrixidos e cualificados e quedarán arquivados en poder do profesor.

-Unha parte práctica que representa o 50% da nota global, e correspóndese coa suma dos CA's asociados co instrumento de avaliación "táboa de observación" (TO) e "lista de cotexo" (LC) que serán aplicados sobre todos ou algúns dos seguintes elementos:

- a) Proba práctica, na que o alumnado debe resolver supostos prácticos propostos polo profesor no taller de hixiene bucodental.
- b) Realización de traballos, proxectos e actividades de aula propostas.

NOTAS ACLARATORIAS

- Para poder superar o módulo en modalidade ordinaria será imprescindible ter entregado antes da data establecida para a avaliación, todas as tarefas avaliadas realizadas durante o trimestre. Esta data de entrega será comunicada con anterioridade polo profesor. Sempre que sexa posible o método de entrega será a aula virtual do CIFP Manuel Antonio.

- Ao final de curso todas as tarefas avaliadas quedarán en poder do profesor.

- As cualificacións obtidas en cada un dos instrumentos de avaliación empregados farán media a partir de 5 sobre 10.

- Os alumnos que teñen algunha parte suspensa: nota do 1 ó 4, será indicativo de que teñen que facer algunha actividade de recuperación, daquelas partes que teñan pendentes, e ata a súa superación a súa cualificación será como máximo un 4.

- As recuperacións da parte ou partes non superadas serán despois da entrega do boletín de notas no caso da primeira avaliación e previo ao acceso a FCT en marzo.

- Si se suspende a recuperación o alumnado terá que asistir a clase no período marzo-xuño para realizar actividades de recuperación.

- A nota final de curso será a suma ponderada de cada unidade didáctica segundo o reflectido nesta programación didáctica, sempre e cando estean superadas.

- Para realizar a media, emprégase a nota con decimais obtida en cada avaliación.

- A nota final exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia no alumnado, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos onde ten dificultades. Si, aínda así, o alumno/a non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar a aprendizaxe destes alumnos/as, permitíndolle solventar as súas carencias de aprendizaxe.

As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades didácticas, e sempre programadas cun nivel crecente de dificultade.

En canto as probas de recuperación, contéplanse dúas posibilidades:

- Recuperación da primeira avaliación se non foi superada despois do período non lectivo de nadal.
- Recuperación das avaliacións non superadas previa ao acceso a FCT en marzo (para alumnos/as que teñen suspensas algunha das dúas avaliacións ou o módulo completo).

Si se suspende a recuperación o alumnado terá que asistir a clase no período marzo-xuño para realizar actividades de recuperación.

O exame de recuperación consistirá na realización dunha proba teórico - práctica. Ademais, é obrigatoria a entrega das tarefas avaliábeis non superadas de cada avaliación para a súa recuperación.

Cada unidade didáctica vai acompañada de actividades de reforzo con cuestións ou casos prácticos, no seu caso, sobre os contidos da mesma. A realización destas actividades de reforzo constitúe unha boa axuda para a recuperación. O profesor estará dispoñible para que o alumnado pregunte as dúbidas que se lle formulen ao repasar tanto os contidos teóricos coma as cuestións prácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Neste módulo prodúcese a perda do dereito á avaliación continua por falta de asistencia non xustificada a 15,7 horas de clase (10% do total), o que supón unhas 16 sesións.

A situación de Perda de dereito de avaliación continua será comunicada polo titor por escrito ao alumnado para que teña constancia da mesma.

Na data publicada na aula virtual do módulo e no taboleiro de anuncios do departamento, o alumnado con PD someterase a unha proba extraordinaria previa a avaliación final de módulos, tal como establece o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 para avaliar a adquisición dos resultados de aprendizaxe:

1. Proba obxectiva teórica: 50% da calificación total.
2. Proba obxectiva práctica: 50% da calificación total.

Ambas probas serán valoradas sobre 10. A nota calcularase sumando a nota dos dous apartados anteriores, sempre e cando se alcance a nota mínima de 5 en cada un dos apartados. Para realizar esta suma, emprégase a nota ponderada con dous decimais. A nota da avaliación

extraordinaria exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase mensualmente o seguimento da programación na aplicación informática implantada para tal fin. Este seguimento será comentado nas sucesivas reunións de departamento, segundo indica o procedemento. No seguimento detallaranse as razóns no desvío do cumprimento da programación, coa fin de corrixir as posibles carencias ou axustar en cursos sucesivos, a programación a situación real.

Levarase a cabo unha reunión mensual de todo o equipo docente do curso para levar a cabo o seguimento da programación onde avaliarase a programación desenvolta nese período e sinalaranse aquelas actividades que non se puideron realizar e as súas causas; asemade as melloras e cambios que se deberían acometer para mellorar a evolución do grupo. Ao remate de dita reunión levantarase unha acta polo titor do curso onde quede reflexado o seguimento.

Respecto a avaliación da práctica docente se deberá contemplar unha análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso e os resultados académicos, comprobando se o alumnado acadou os resultados de aprendizaxe sinalados. Será levada a cabo a través dun cuestionario ao remate da primeira avaliación e ao finalizar o módulo (recabarase información sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula ou no taller, técnicas de avaliación e valorarase se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas).

Ao remate do curso, realizarase a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.85.PRO.04), na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial, sen cualificación para o alumnado, para coñecer o dominio de ferramentas e conceptos básicos en hixiene oral, anatomía oral e patoloxías asociadas de relevancia as técnicas de prótese e ortodoncia para así saber con que nivel comezar a traballar a módulo profesional.

Esta avaliación inicial farase realizando preguntas sobre unidades, ferramentas imprescindibles para realizar os casos prácticos; e que permiten acadar os obxectivos mínimos do módulo, ademáis do uso das ferramentas informáticas para poder suplir as carencias que se detecten nestes aspectos. Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos do alumnado, así como as súas aptitudes, capacidades e, incluso, motivación.

Outro aspecto importante relativo a avaliación inicial é que permite descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

A enquisa de avaliación inicial do alumnado realizada polo titor co apoio do Departamento de Orientación, no marco do sistema de control da calidade do centro, constitúe unha ferramenta fundamental que contribúe a descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade. Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á Xefatura de Estudos.

En cada unidade didáctica, na presentación da mesma, tamén se farán preguntas para saber cal é a base que teñen os alumnos/as ou qué preconceptos teñen. Así mesmo, as reunións mensuais de equipo docente permite facer o seguimento do grupo no seu conxunto e de cada

alumno/a, en particular, coa fin de deseñar estratexias para mellorar o ensino e aprendizaxe do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como se xustifica no apartado anterior, as medidas para a atención á diversidade do alumnado son unha medida destinada para dous tipos de necesidades. Por unha banda, os alumnos e alumnas que necesiten axuda porque non alcanzaron os obxectivos propostos como básicos para os que se indican actividades de reforzo. Polo outro, aqueles alumnos que realizaron as actividades de desenvolvemento de forma satisfactoria, e contan con capacidades que lles permitan unha ampliación de coñecementos, para os que achegaremos actividades de ampliación. Como se pode observar na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como medidas de tipo ordinario, a atención á diversidade do alumnado ten unha resposta en tres planos:

- a. Na propia programación que se realiza a través do desenvolvemento das unidades didácticas.
- b. Na posta en práctica da programación, que está aberta ao profesor para que introduza as variacións convenientes e acomode a súa metodoloxía ás necesidades do alumnado.
- c. Nas diversas posibilidades dos materiais. Isto comprende en primeiro lugar ao alumnado, por exemplo mediante actividades de reforzo, actividades de ampliación, plans persoais de aprendizaxe, etc.

No marco do anteriormente citada ORDE do 8 de setembro de 2021, para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), poden empregarse medidas de adaptación. Estas medidas deben elaborarse acorde ao informe do alumno realizado polo Departamento de Orientación, e buscando a cooperación de todo o equipo docente do ciclo.

Ademais, de acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, isto poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na avaliación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Como orientacións xerais para o desenvolvemento destes contidos cabe considerar:

- 1.-Educación ambiental: xa que é fundamental o fomentar o respecto ao medio ambiente e fomentar o correcto emprego dos medios dos que se dispón.
- 2.-Educación para a saúde: hixiene postural e seguridade e hixiene no traballo e prevención de enfermidades.
- 3.-Educación para a tolerancia: valoración da importancia da colaboración co equipo de traballo na aula-taller e o respecto mutuo entre profesores/as e alumnos/as, como base fundamental da convivencia. O profesor/a traballará amosando actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos de xénero, lingüísticos, relixiosos, físicos, de clase social, e aos prexuízos, utilizando o diálogo como medio de traballo nos grupos e na clase.
- 4.-Educación en igualdade: favorecer a igualdade entre homes e mulleres, a integración de alumnado con discapacidade e a integración do alumnado estranxeiro. Desde este módulo contamos con elementos para concienciar ao alumnado:
 - Usando unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva.

- Facendo grupos mixtos de traballo.
- Distribuindo as tarefas, roles, na mesma medida entre todo o grupo por igual.
- Fomentando a participación de cada persoa sen distincións de sexo. Igualdade de trato.

Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades e transversalmente.

Ademais, recoñecendo e valorando a diversidade como feito enriquecedor, aproveitaremos a realidade plural que pode existir na clase cando compartamos espazos, tempos, actividades, materiais e experiencias.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Se é posible realizarase unha saída a finais do primeiro trimestre á unha asociación ou escola, onde elaborárase un taller de saúde oral coa poboación receptora para fomentar unha boa hixiene oral. Para que os alumnos e alumnas poidan aproveitar a saída correctamente, previamente facilitaráselles unha charla no centro educativo por parte de persoal experto no ámbito da saúde oral. É unha actividade interdisciplinar con outros módulos do ciclo: intervención bucodental, exploración da cavidade oral e epidemioloxía da saúde oral. Esta actividade:

- Cumpre coa normativa das actividades complementarias D7/1999 de 7 de xaneiro.
- Traballa temas transversais como a iniciativa emprendedora ou a PRL tal e como recolle o RD1147/2011 de 29 xullo.

Así mesmo contéplase a asistencia a charlas ou xornadas... con temáticas relacionadas ca saúde oral que xurdan ao longo do curso dentro do ciclo formativo.

10.Outros apartados

10.1) Información ao alumnado

Ao comezar o curso a programación didáctica explicase na aula ao alumnado, facendo especial fincapé nos criterios da avaliación e os mínimos esixibles, e estará dispoñible na aula virtual do CIFP Manuel Antonio para poder consultala ao longo de todo o curso.

10.2) Probas escritas e tarefas avaliáveis

Tras a realización das diferentes tarefas avaliáveis do módulo profesional será publicada a cualificación a través da Aula virtual do CIFP Manuel Antonio. No caso dos exames indícarase unha data para a súa revisión co profesor. De modo que o alumnado que o desexa poderá revisar e comentar a cualificación. Posteriormente quedarán arquivados no centro educativo.

10.3) Bibliografía recomendada

- DONAIRE RODRÍGUEZ-REY, LAURA; DÍAZ LUQUE, ALEJANDRO. Prótesis y ortodoncia. Editorial SÍNTESIS (2016) ISBN: 97884090772935
- HERRERA MAGALLÓN, GUILLERMO; GUTIÉRREZ RUBIO, ELOISA; FERNÁNDEZ BRAVO, SOFÍA;CREGO PEREIRA, DAVID; Prótesis y ortodoncia. Editorial MCGRAW HILL (2021) ISBN: 9788448627065
- SÁNCHEZ GIMÉNEZ, FULGENCIO; Prótesis y ortodoncia. Ediciones FSJ (2020) ISBN: 9788409200344